A presidenta do Parlamento recibe a unha delegación da Cámara municipal de Río de Janeiro

Santiago, 19 de setembro de 2013.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, recibiu este mediodía a unha delegación da Cámara Municipal de Río de Janeiro e ao alcalde de Santa Comba.

Asistiron á reunión o concelleiro de Turismo da Cámara Municipal de Río de Janeiro, Elton J. Babú; un asesor do presidente da Comisión de Turismo de Río, Reginaldo Freitas; e o alcalde de Santa Comba, Antonio Landeira Gallardo.

A visita ao Parlamento de Galicia enmárcase nos actos programados para a renovación do irmanamento entre Santa Comba e Río de Janeiro.

Durante a xuntanza, Pilar Rojo interesouse pola situación da colonia galega afincada en Río de Janeiro e pola estratexia de promoción turística que desenvolve a cidade carioca.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es